# Solucionario Léxico 1

## Actividades



**1.** Encrucillados.







**2.** Axila → 8; noz → 2; cadeira → 28; planta → 19; embigo → 27; cabeza → 1; dedos → 3; mamila → 25; sofraxe → 18; calcaño → 20; ombro → 22; nádega → 17; seos → 24; brazo → 23; coxa → 31; caluga → 15; van → 26; canela → 33; man → 4; dedas → 3; nocello → 13; pene → 11; xeonllo → 32; costas → 16; pulso → 5; pescozo → 21; vaxina → 30; pé → 14; empeña → 34; ingua → 29; antebrazo → 6; perna → 12; peito → 9; cóbado → 7; abdome → 10.

# 8. USO DE B / V

Na lingua galega, o **b** e o **v** representan o mesmo son.

- Escríbense con **b**:
  - As desinencias do copretérito dos verbos da 1ª conxugación (***-aba***): *amaba, cantaba.*
  - As formas dos verbos rematados en ***-bir*** e ***-buír***. (Excepcións: *servir, vivir* e *vir*): *distribuía, recibe.*
  - As formas dos seguintes verbos de uso frecuente: *caber, deber, haber, beber, amber, sorber* e *saber*: *couben, debimos, beban.*
  - Cando vai seguido doutra consoante. (Excepcións: *ovni, acivro* e *ávrego*): *amable, dobrar.*
  - As palabras que comezan por ***bu-***, ***bur-***, ***bus-***. (Excepcións: *vulgo, vulto, vulva, vurullo* e *vulnerar*): *buque, bugallo.*
  - As palabras que conteñen os prefixos ***ben-***, ***bene-***, ***bi-***, ***bis-***, ***biblio-***, ***bio-*** e ***sub-***: *benefactor, bioloxía.*
  - Os adxectivos rematados en ***-ble*** ou ***-bel***: *posible, amábel.*
  - As palabras rematadas en ***-bundo/a***, ***-bil*** ou ***-bilidade***. (Excepcións: *servil* e *civil*): *nauseabundo, posibilidade.*
  - As seguintes palabras tamén se escriben con ***b***: *abelá, bafo, balde, baleiro, baleirar, beira, billa, bolboreta, biscaíño/a, fibela, gabeta, gabia, gabián, marabilla, móbil, nobelo, polbo, rebentar, ribeira, trobar* e as palabras pertencentes ás súas familias léxicas.

- Escríbense con **v**:
  - As formas dos seguintes verbos de uso frecuente: *estar, ir, servir, ter, ver, vir, vivir* e os seus derivados: *servía, tivemos.*
  - As formas dos verbos rematados en ***-ver***, ***-versar*** e ***-servar***. (Excepcións: *beber, caber, deber, haber, lamber, saber* e *sorber*): *movemos, conversou.*
  - Cando vai precedido de *b, d* ou *n*, como en *advertir, subvención.*
  - Os adxectivos rematados en ***-ivo/a***, ***-avo/a*** e ***-evo/a***: *destrutivo, lonxevo.*
  - As palabras que conteñen o prefixo ***vice-*** ou o sufixo ***-voro***: *vicerreitor, carnívoro.*
  - Os nomes dos números: *nove, vinte.*
  - As seguintes palabras tamén se escriben con ***v***: *avó, avoa, avogado/a, caravel, chuvasco, covarde, escarvar, escaravello, esvarar, esvelto/a, garavanzo, gravar, gravata, pavillón, trevo, varanda, varrer, vasoira, vermello/a, verniz, verza, voda, voitre, vulto, vurullo, xavelina* e as palabras pertencentes ás súas familias léxicas.
  - En canto aos verbos que se escriben con *v*, debe terse en conta o dito máis arriba sobre as terminacións do copretérito da 1ª conxugación.

**1.** Enche os ocos con *b* ou *v* segundo conveña:

| | | | |
|---|---|---|---|
| chu_v_ia | al_b_anel | _v_acinar | _b_afo |
| _v_im_b_io | co_v_arde | sa_b_otaxe | _v_aranda |
| _b_é_b_edo | a_v_aría | or_b_allo | mara_b_illa |
| _v_oca_b_ulario | _b_isa_v_oa | so_b_re_v_i_v_ir | ri_b_eira |
| po_b_o | _v_ernizar | es_v_elta | chum_b_o |
| _v_izosa | o_v_ino | _b_o_v_ina | _v_enda_v_al |

**2.** Conxuga en primeira persoa do singular os seguintes verbos nos tempos indicados:

| INFINITIVO | COPRETÉRITO | PRETÉRITO |
|---|---|---|
| Votar | *Votaba* | *Votei* |
| Haber | había | houbo |
| Vixiar | vixíaba | vixiei |
| Ter | tiña | tiven |
| Variar | variaba | variei |
| Asubiar | asubiaba | asubiei |
| Estar | estaba | estivo |
| Observar | obcervaba | observei |
| Saber | sabía | Souben |
| Dar | daba | dei |
| Escaravellar | escaravellaba | escaravellei |

**3.** Busca os verbos que se corresponden coas seguintes definicións. Todos eles han levar *b* ou *v* e comezan pola letra indicada.

- Abrirse bruscamente algo a causa da presión interior. Estoupar, estourar, estralar: R_ebentar_
- Limpar cunha vasoira: V_arrer_
- Compoñer ou cantar versos: T_robar_
- Deixar sen contido: B_aleicar_
- Introducir algo na boca, aspirándoo cos labios en forma de tubo: S_orber_
- Ter pendente un pago ou unha devolución: D_eber_
- Desexar con ansiedade. Adoecer: D_evecer_

Sura non fai nada.



4. Completa este encrucillado visual de palabras con *b* e con *v*:



8. Atopa o nome das once imaxes relacionadas coa natureza presentes nesta sopa de letras.



















| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| b | u | a | d | v | o | i | t | r | e |
| c | l | b | q | u | v | g | n | a | b |
| a | p | e | s | t | b | a | e | m | o |
| r | e | r | a | ñ | u | r | q | i | l |
| a | b | e | ll | a | b | a | o | l | b |
| v | i | n | t | r | e | v | o | u | o |
| e | d | x | a | v | l | a | i | v | r |
| l | a | e | c | o | a | n | t | s | e |
| q | d | n | d | v | m | z | b | u | t |
| b | t | a | o | b | l | o | p | o | a |
| i | c | a | r | b | a | l | l | o | z |















# Alimentación (I)




Pasteis, galletas, chocolates, doces, graxas

Carnes vermellas, aves de curral, peixes, ovos

Leite, iogur, queixos

Froitas e verduras

Pan, cereais, arroz, pasta, patacas, legumes

## Actividades

1. Agrupa os alimentos da tabela nas seguintes categorías.

a) doces; b) carne, friames, peixe e ovos; c) lácteos; d) froita e verdura; e) cereais, patacas e legumes

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| boi b) | meiga b) | alcachofa d) | filloa a) | batido a) c) | marmelo a) |
| abadexo b) | ollomol b) | avea e) | amora d) | mandarina d) | mazá d) |
| cebola d) | rodaballo b) | peixe sapo b) | espárrago d) | raia b | congro b) |
| atún b) | xudía c) | cabaciño d) | orella a) b) | melón d) | robaliza b) |
| carneiro b) | xurelo b) | millo e) | manteiga c) | iogur c) | pexego d) |
| chourizo b) | queixo c) | nabiza d) | ovo b) | amorodo d) | pera d) |
| troita b) | leitón b) | pemento d) | cereixa d) | caqui d) | sandía d) |
| cordeiro b) | lombo b) | repolo d) | coliflor d) | leite c) | xamón b) |
| dourada b) | requeixo | ravo d) | framboesa d) | limón d) | faneca b) |
| chícharo d) | xabaril b) | trigo e) | salchichón b) | centeo e) | tomate d) |
| galiña b) | xeado a) c) | figo d) | kiwi d) | faba e) | uva d) |
| lacón b) | marmelada a) | pescada b | espinaca d) | manga d) | salmón b) |
| mortadela b) | coello b) | grelo d) | laranxa d) | garavanzo e) | cabaza d) |
| pavo b) | bacallao b) | touciño b) | polo b) | leituga d) | cenoria d) |
| arroz con leite a) | vaca b) | lima d) | sardiña b) | vitela b) | lentella e) |

2. Relaciona cada vocábulo co seu sinónimo.

| | |
|---|---|
| tona 1 | 5 veado |
| leitón 2 | 9 morango |
| meiga 3 | 8 mincha |
| vitela 4 | 3 rapante |
| cervo 5 | 4 xato |
| galiña 6 | 7 xouba |
| parrocha 7 | 1 nata |
| caramuxo 8 | 6 pita |
| amorodo 9 | 2 bacoriño |

3. Substitúe as palabras en negra polo antónimo correspondente.

- A sopa que fixo o meu irmán estaba bastante **sosa**. Salgada
- Gústame comer a froita moi **verde**. madura
- Na alacena aínda fica pan **reseso**. fresco
- Sempre lle bota pemento **cocido** á ensalada. cru

4. Cales destes alimentos poden constituír unha sobremesa?

| | | |
|---|---|---|
| bica | doce de marmelo | ourego |
| cana | filloa | pan de ovo |
| chulas | follado | rosca |
| cogombro | larpeirada | torta |
| corzo | melindre | xarda |

5. Que alimentos se esconden tras estas adiviñas?

| | |
|---|---|
| Por abril,<br>cóllea polo rabo e déixaa ir;<br>por maio,<br>ásaa no borrallo,<br>e por San Xoán,<br>xa molla o pan. | Sardiña |
| Teño dentes<br>e non moas,<br>teño cabeza<br>e non pés.<br>Mesmo que dures mil anos,<br>non sabes que cousa é. | Allo |
| Alta me vin<br>baixa me vexo<br>e aló arriba<br>ficoume o pelexo.<br><br>Castaña | Que cousa é<br>que ten ollos<br>e non ve?<br><br>Pataca |

6. Os termos *grelo/nabiza* e *polo/capón* adoitan confundirse; a partir destas definicións poderías indicar a que imaxe corresponden?

| | |
|---|---|
| **grelo**: gromo desenvolvido do nabo, do que saen as flores. | **nabiza**: folla tenra do nabo. |
| **polo**: fillo da galiña cando aínda non é galo. | **capón**: galo castrado e cebado. |


nabiza


Polo


Grelo


Capón

7. Ordena as sílabas da mesma cor até formares nomes de moluscos e crustáceos.

**ra ce cen ga llón co va xa la na ra per lla bo a lu la xi mei pol me be to ci né**

- Lura
- Percebe
- Centola
- Ameixa
- Mexillón
- Nécora
- Navalla
- Cigala
- Polbo

# Alimentación (II)




## Actividades

1. Indica o nome correspondente a cada deseño.
2. Clasifica os alimentos da tabela nas seguintes categorías.

C condimentos • F froitos • B bebidas

| | | | |
|---|---|---|---|
| sal C | zume B | noz F | auga B |
| loureiro C | castaña F | romeu C | cacao B/C |
| gasosa B | refresco B | cúrcuma C | café B/C |
| laranxada B | viño B | sangría B | camomila B |
| cacahuete F | ourego C | caxú F (anacardo) | vinagre C |
| cervexa B | sementes de xirasol F | pistacho F | macela B |
| té B | azafrán C | mosto B | infusión B |
| pemento ~~pimentón~~ C | noz moscada C | sementes de cabaza F | augardente B |
| perexil C | anís B/C | abelá F | macela B |
| pementa C | canela C | améndoa F | licor B |
| manxerico C | tila B | menta C/B | fiúncho C |

3. Une cada termo coa definición adecuada.

| | |
|---|---|
| centola/centolo<br>boi | Crustáceo mariño, de superficie pouco rugosa, de cor entre rosa e castaña no dorso e case branca no ventre.<br>Crustáceo mariño dotado de pinzas no primeiro par de patas, con numerosas protuberancias vermellas ou rosadas. |
| navalla<br>longueirón | Molusco bivalvo de cuncha bastante alongada e algo curvada.<br>Molusco bivalvo de cuncha moi alongada e curvada. |
| vieira<br>zamburiña | Molusco dos lamelibranquios de pequeno tamaño.<br>Molusco bivalvo coa valva superior plana e a inferior convexa. |

4. Preenche as receitas embaixo coas palabras dos cadros.

azucre ◆ escarvadentes ◆ reseso ◆ monda ◆ codia ◆ rebandas ◆ bátense

**Pudín con froitas**

Ponse o leite a quentar coa ...monda... do limón. Quítase a ...codia... do pan, bótase no leite cortado en anacos, ...bátense... os ovos co ...azucre... e mestúrase co leite.

Pélanse as mazás e as peras, pícanse e mestúranse. Ponse o caramelo líquido nunha bandexa, déitase todo neste recipiente, déixase cocer no forno uns corenta minutos e óllase cun ...escarvadentes... se está seco; se non está, déixase uns minutos máis co forno apagado.

**Ingredientes**

- Un litro de leite
- 8 ovos
- 8 culleradas de azucre
- 3 mazás
- 2 peras
- Varias ...rebandas... de pan ...reseso...
- Caramelo líquido
- A tona dun limón

Nota: pódense pór outras froitas distintas, como noces, pasas ou piñóns.

a seguir ◆ lévedo ◆ ducia ◆ fariña ◆ mesturada ◆ po ◆ vértese

**Madalenas**

Bátense os ovos até que estean cremosos, bótase o azucre e continúase batendo. ...A seguir..., bótanse as raspaduras do limón e a manteiga até ter unha crema fina e, por último, ponse a fariña ...mesturada... co ...lévedo... .

Únese todo ben, ...vértese... en cápsulas de papel, sen enchelas de todo, e cócense no forno a temperatura moderada até que estean douradas.

**Ingredientes:**

- 300 gramos de manteiga
- 300 gramos de ...fariña...
- Raspaduras de limón
- 300 gramos de azucre
- Media ...ducia... de ovos
- Medio sobre de lévedo en ...po...

5. Relaciona cada vocábulo co seu sinónimo.

| | |
|---|---|
| camomila 1 | 5 tisana |
| entrante 2 | 6 prebe |
| larpeirada 3 | 4 mincha |
| caramuxo 4 | 1 macela |
| infusión 5 | 2 aperitivo |
| mollo 6 | 3 lambonada |

# Que facemos de comer?

1. Explica como se cociñan un sándwich vexetal e un arroz á cubana.
   - Comeza enumerando os ingredientes e, a seguir, explica paso a paso a elaboración do prato.
2. En calquera cociña podes encontrar obxectos como os que aparecen nos deseños embaixo. Sabes como se chaman e para que serven?




3. Preenche oralmente os ocos.

| | |
|---|---|
| —...Queres algo máis?<br>—Non, moitas grazas. Estou moi cheo! | —Que adoitas tomar como sobremesa?<br>—...Adoito tomar xeado |
| —Preferes polo ou vitela?<br>—...Prefiro vitela | —...Xa saben o que van querer?<br>—Queriamos unha ración de polbo á feira con cachelos e unha de zorza, por favor. |
| —...Canto é?<br>—A conta xa está paga. | —...A canto van os ovos?<br>—Tres euros a ducia. |

4. Nesta listaxe recóllense unha serie de afirmacións sobre a alimentación. Detecta cales son incorrectas e xustifica a túa resposta.

O chocolate provoca a aparición de acne. F ◆ Comer cenorias mellora a visión. V
O pan engorda. F ◆ Para termos unha alimentación saudábel é preciso comermos moita carne. F
É perxudicial bebermos máis de un litro de auga por día. F ◆ O plátano reduce as maniotas. V
O xeado é dixestivo. V ◆ Os produtos light non teñen calorías. F

NON ~~5.~~ Imaxina que vas convidar un grupo de amigos e amigas a xantar e dubidas entre levalos a un restaurante chinés ou a unha hamburguesaría. Selecciona unha destas cartas e despois decídete por un menú.
   - Non esquezas que no grupo hai unha persoa alérxica aos lácteos e outra que non tolera o marisco.



RESTAURANTE SHANGHAI

**Primeiros pratos**
- Rolo primavera
- Sopa de aleta de tiburón
- Wan Tun frito
- Ensalada chinesa

**Segundos pratos**
- Tallaríns fritos con gambas
- Polo con améndoas
- Porco agridoce
- Luras con mollo picante

**Sobremesas**
- Banana frita
- Lichis
- Xeados de morango, vainilla e chocolate
- Flan da casa

Uncle Tom's BURGER

**Hamburguesas**
- Hamburguesa completa (con tomate, cebola, leituga, queixo e ovo)
- Hamburguesa dobre con queixo
- Hamburguesa con queixo e beicon

**Cachorros quentes**
- Cachorro quente "Texas" (con xamón, cebola frita e mollo barbacoa)
- Cachorro quente "Galiza" (con pementos de Padrón)

**Acompañamentos**
- Patacas fritas
- Aros de cebola
- Ensalada mixta

**Sobremesas**
- Xeados ou froita

# 12. USO DE ZO / CIO, ZA / CIA

Como vimos na unidade anterior, a letra **c**, amais do son /k/, como en *cabalo*, *conto* ou *cuberto*, pode representar o son /θ/, como en *cebola* ou *cinto*; pero este son tamén pode estar representado pola letra z (*zapato*, *zume*).

**Palabras rematadas en -cio, -cia:**

- Polo xeral, úsanse en palabras cultas, as que entraron na lingua máis recentemente. Este é o caso de substantivos como *abundancia*, *adolescencia*, *afluencia*, *alternancia*, *aparencia*, *arrogancia*, *audiencia*, *ciencia*, *circunstancia*, *conciencia*, *consecuencia*, *constancia*, *conveniencia*, *deficiencia*, *delincuencia*, *descendencia*, *discordancia*, *distancia*, *eficiencia*, *elegancia*, *elocuencia*, *esixencia*, *experiencia*, *extravagancia*, *exuberancia*, *frecuencia*, *ganancia*, *incidencia*, *incongruencia*, *independencia*, *influencia*, *inocencia*, *intelixencia*, *obediencia*, *paciencia*, *presidencia*, *procedencia*, *redundancia*, *referencia*, *repugnancia*, *residencia*, *resonancia*, *secuencia*, *substancia*, *suficiencia*, *tolerancia*, *vixencia*, *vixilancia* etc.
- Outros casos son os de *acacia*, *anuncio*, *aprecio*, *artificio*, *audacia*, *avaricia*, *beneficio*, *bulicio*, *comercio*, *consorcio*, *delicia*, *desperdicio*, *divorcio*, *edificio*, *eficacia*, *exercicio*, *farmacia*, *ficticio*, *hospicio*, *ictericia*, *maleficio*, *malicia*, *milicia*, *negocio*, *noticia*, *oficio*, *orificio*, *palacio*, *precipicio*, *prefacio*, *propicio*, *sacerdocio*, *sacrificio*, *silencio*, *socio*, *vicio*, *xentilicio* etc.

**Palabras rematadas en -zo, -za:**

- Polo xeral, úsanse en palabras patrimoniais, aquelas que se incorporan na época da colonización romana e sufriron todos os cambios propios da evolución da lingua. Son substantivos como *andazo*, *avinza*, *cansazo*, *cobiza* (*cobizar*, *cobizoso* etc.), *crenza* (*descrenza*), *diferenza* (*indiferenza*), *doenza*, *espazo* (*espazar*, *espazoso*), *finanzas* (*financeiro*), *graza* (*desgraza*), *licenza*, *novizo*, *perseveranza*, *pertenza* (xunto ao cultismo *pertinencia*, con significado diferente), *postizo*, *preguiza* (*preguiceiro*, *preguizoso*), *presenza*, *prezo* (*desprezo*, *menosprezo*, *prezar*, *desprezar*), *querenza* (*benquerenza*, *malquerenza*), *sentenza*, *servizo* (*servizal*), *tenza* (*mantenza*), *terzo* (*terza*, *terzá*, *terzar*), *xuízo* (*axuizar*, *prexuízo*), *xustiza* (*axustizar*, *inxustiza*, *xusticeiro*).

No caso do nome da nosa comunidade autónoma, son correctos tanto *Galicia* como *Galiza*.

1. Une cada palabra co seu sinónimo:

| | |
|---|---|
| enfermidade 1 | 6 inocencia |
| estimar 2 | 2 prezar, apreciar |
| vagancia 3 | 4 cansazo |
| canseira 4 | 1 doenza |
| importe 5 | 3 preguiza |
| inxenuidade 6 | 5 prezo |

| | |
|---|---|
| calma 1 | 5 sentenza |
| ambición, arela, afán 2 | 1 paciencia |
| permiso 3 | 2 cobiza |
| palacio 4 | 6 ficticio |
| veredicto 5 | 3 licenza |
| imaxinario 6 | 4 pazo |

~~2.~~ Escolle seis palabras das columnas da dereita da actividade anterior e constrúe un enunciado con cada unha.

_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

3. Agrupa no caixón correspondente as palabras da mesma familia léxica.

xusticeiro
desprezo
beneficiado
financeiro
presencial
espazoso
axustizar
financeiramente
beneficencia
desprezar
apreciar
espazador
financiar
espacial
financiamento
beneficiar
menosprezar
benéfico
axustizamento
espazar
beneficioso
desprezable



4. Completa agora a táboa co termo contrario tendo en conta que todas as palabras deben rematar en *-za/-cia* ou *-zo/-cio*.

| | |
|---|---|
| presenza | ausencia |
| felicidade | desgraza |
| perda | gañancia |
| inxustiza | xustiza |
| xenerosidade | avaricia |

| | |
|---|---|
| abundancia | escaseza |
| ruído | silencio |
| virtude | vicio |
| aprecio | desprezo |
| interese | indiferenza |

5. Completa as palabras con sílabas cruzadas a partir das definicións.

**Vertical**: Conxunto de movementos, variados ou repetidos, que se realizan co corpo para fortalecelo ou estar en forma.

**Horizontal**: Descenso brusco, vertical e moi profundo do terreo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | e | | |
| | xer | | |
| pre | ci | pi | cio |
| | cio | | |

**Vertical**: Calidade da persoa ou da cousa que divirte ou fai rir.

**Horizontal**: Que non é natural ou propio, senón que é engadido, para substituír a falta do orixinal.

| | | |
|---|---|---|
| | | gra |
| pos | ti | za |

**Vertical**: Rito relixioso que consiste en ofrecer unha vítima a unha divindade.

**Horizontal**: Comunicación con fins publicitarios.

| | | |
|---|---|---|
| | | sa |
| | | cri |
| | | fi |
| a | nun | cio |

**Vertical**: Extensión, máis alá da atmosfera terrestre, onde están os astros.

**Horizontal**: Proliferación de algo non desexado, como por exemplo unha enfermidade.

| | | |
|---|---|---|
| | | es |
| | | pa |
| an | da | zo |

**Vertical**: Cargo ou traballo que unha persoa desempeña de maneira habitual.

**Horizontal**: Construción grande dedicada a vivendas, oficinas etc.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | o | |
| e | di | fi | cio |
| | | cio | |

**Vertical**: Información que se dá ou se ten sobre algo ou alguén.

**Horizontal**: Que designa o lugar de orixe dunha persoa.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | no | | |
| xen | ti | li | cio |
| | cia | | |

6. Une cada peza coa súa parella.




7. Copia na columna da dereita as palabras formadas na actividade anterior e escribe ao seu lado un substantivo da mesma familia léxica e que remate en *za/cia* ou *zo/cio*.

| gracioso | graza |
|---|---|
| espacioso | espazo |
| substancioso | substancia |
| xuizoso | xuízo |
| cobizoso | cobiza |
| preguizoso | preguiza |
| silencioso | silencio |
| ~~gracioso~~ | ~~graza~~ |

8. Identifica un substantivo rematado en *-za* ou *-cia* a partir dos seguintes adxectivos.

| ADXECTIVO | SUBSTANTIVO |
|---|---|
| esixente | *esixencia* |
| obediente | obediencia |
| vixilante | vixilancia |
| pertencente | pertenza |
| ignorante | ignorancia |
| diferente | diferenza |

| ADXECTIVO | SUBSTANTIVO |
|---|---|
| constante | constancia |
| consecuente | consecuencia |
| conveniente | conveniencia |
| extravagante | extravagancia |
| deficiente | deficiencia |
| presente | presenza |

# Xuntos ou separados?

Algúns vocábulos están formados por un único constituínte e outros por varios.

| | | |
|---|---|---|
| **por que** | ▪ Preposición + pronome interrogativo. | ***Por que*** *marchas tan axiña?* |
| | ▪ Preposición + pronome relativo. | *O camiño* ***por que*** *viñeches ten moitas pedras.* |
| **porqué** | ▪ Substantivo co significado de 'motivo' ou 'razón'. Vai precedido de artigo. | *Descoñezo o* ***porqué*** *da cuestión.* |
| **porque** | ▪ Conxunción. | *Conteicho* ***porque*** *me pareceu boa idea.* |

| | | |
|---|---|---|
| **se non** | ▪ Conxunción + adverbio de negación. | ***Se non*** *vas ao cinema, chámame.* |
| **senón** | ▪ Conxunción. | *Non son as dúas,* ***senón*** *as tres.* |
| | ▪ Preposición ('excepto, agás'). Indica exclusión. | ***Senón*** *eu, todos compraron o libro.* |

| | | |
|---|---|---|
| **de máis** | ▪ Locución adverbial de cantidade co valor de 'demasiado'. | *Cobroume* ***de máis****.* |
| **demais** | ▪ Pronome identificador que equivale a 'restante', 'outros/as'. | *Polo* ***demais*** *non quero voltar sobre iso.*<br>*Os* ***demais*** *cativos ficaron na casa.* |

| | | |
|---|---|---|
| **con que** | ▪ Locución conxuntiva condicional ('se'). | ***Con que*** *pagues o que debes, está todo solucionado.* |
| | ▪ Preposición + pronome relativo/interrogativo. | *Esa é a brocha* ***con que*** *pintamos a parede.*<br>***Con que*** *cartos vas pagar iso? Pregúntome* ***con que*** *cartos vas pagar iso.* |
| **conque** | ▪ Conxunción ('así que, por tanto'). | *Amañáronse as contas da comunidade,* ***conque*** *agora ficaremos tranquilas.* |

## Escríbense xuntos:

- Adverbios e conxuncións como *acotío, abofé, adrede, amodo, apenas, arreo, dabondo, decontado (que), decote, deseguida (que), devagar, disque, enseguida, talvez...*
- Termos compostos do tipo *gardamontes, parasoles, galego-portugués, paraugas...*

## Escríbense separados:

- Numerais do *vinte* ao *cen* –agás nas decenas (*trinta, corenta* etc.)–: *vinte e sete, cincuenta e nove, oitenta e catro...*
- Locucións adverbiais e conxuntivas: *a carón, á parte, con todo, de repente, de súpeto, en fronte, entre tanto, por tanto, sobre todo ...*
- Voces compostas como *ourizo cacho, máquina de escribir, quinta feira, garda civil...*



## Actividades

1. Escolle a opción correcta.

| | |
|---|---|
| ▪ Eu só quero comprar un novo computador; o ...demais... non ten présa.<br>▪ Tes a lingua moi solta. Non fales ...de máis... porque xa te coñecemos.<br>▪ Nunca me importou o que pensan de min os ...demais. | *de máis/demais* |
| ▪ A aseguradora ...con que... traballa a nosa empresa non se fixo cargo do sinistro.<br>▪ A neveira estaba baleira, ...conque... tivemos que cear froita. | *con que/conque* |

2. Completa os seguintes enunciados con *por que, porque* ou *porqué*.

- —...Por que... non me chamaches ao saíres do traballo? —...Porque... xa era tarde cando acabou a reunión.
- Non explica nunca o ...porqué... das súas decisións.
- Non sei ...por que... es tan teimudo. Ben me podías axudar.
- O asasinato do arquiduque de Austria foi o motivo ...por que... se desencadeou a Primeira Guerra Mundial.
- Dime ...por que... te enfadaches con Ana.

3. Enche os espazos en branco con *se non* ou *senón*.

- ...Se non... o vas comer, non o botes no prato.
- Cóntoche un segredo ...se non... llo dis a ninguén.
- A sopa non está fría, ...senón... quente.
- Se estudas moito, aprendes; ...se non..., non.
- ...Senón... teu irmán, foron todos á festa.

4. Escolle a opción correcta.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| tal vez | (talvez) | portanto | (por tanto) | en seguida | (enseguida) |
| (decote) | de cote | (á parte) | (aparte) (subst) | (decontino) | de contino |
| sobretodo | (sobre todo) | a penas | (apenas) | contodo | (con todo) |

5. Liga os termos da primeira columna cos da segunda para formares unha palabra composta (xunta ou separada).

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| augamar | latas | | porco teixo | noite |
| abrecartas | –social | | peixe sapo | sapo |
| político-social | mar | | media noite | costas |
| chuchameles | meles | | gardacostas | teixo |

6. Escribe os números con letras.

| | | | |
|---|---|---|---|
| 23 | vinte e tres | 1002 | mil dous |
| 104 | cento catro | 57 | cincuenta e sete |
| 41 | corenta e un/unha | 89 | oitenta e nove |
| 258 | dous centos cincuenta e oito /duas centas | 35 | trinta e cinco |

7. Ditado.

**Texto**: elaboración propia.

# Animais




## Actividades

1. Sitúa na imaxe anterior estes vocábulos.

| | | | |
|---|---|---|---|
| abella | caracol | galo | pía |
| año | catavento | gato | porco |
| balde | celeiro | leña | pozo |
| boi | cesta | maseira | ra |
| burro | enciño | miñoca | rato |
| cabra | enxame | poza | sacho |
| cabrito | espantallo | niño | toupa |
| cabalo | fouce | oca | tractor |
| caldeiro | fouciño | ovella | vaca |
| can/cadela | galiña | parrulo | xoaniña |

2. Coñeces o nome das crías destes animais?

| | |
|---|---|
| cabra e castrón | cabrito / cabirto |
| can e cadela | cadelo / cachorro |
| galiña e galo | piro / pito |
| egua e burro | mulo / mula |
| egua e cabalo | poldro/a |
| porco e porca | bácoro / bacoriño / leitón |
| ovella e carneiro | año / cordeiro |
| ra femia e ra macho | cágado / cabezolo / cabezallo |
| vaca e boi | becerro / xato / cuxo |

5. Encontra nesta sopa de letras oito nomes de ~~animais.~~ aves

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | N | M | U | L | C | D | B | J | P |
| M | L | J | M | L | I | Z | F | M | A |
| I | A | Y | V | M | P | A | U | N | P |
| Ñ | D | K | F | O | L | P | D | U | O |
| A | R | S | W | C | I | O | F | A | R |
| T | A | H | Ó | M | R | T | L | A | R |
| O | P | N | O | I | Q | G | R | G | O |
| S | B | W | Ñ | K | A | K | T | E | I |
| L | K | A | L | V | D | S | B | P | B |
| K | M | F | L | A | M | E | N | G | O |

3. Relaciona os sinónimos.

| | |
|---|---|
| 1 año | pito 6 |
| 2 burro | bacoriño 5 |
| 3 cabrito | reirrei 9 |
| 4 galiña | cabuxo 3 |
| 5 leitón | pita 4 |
| 6 polo | cordeiro 1 |
| 7 porco | cuxo 8 |
| 8 vitela | asno 2 |
| 9 xoaniña | cocho 7 |

6. Designa o nome dos animais cos cales se relacionan estes verbos.

| | |
|---|---|
| bear | Ovella |
| bruar | vaca / boi |
| cacarexar | galiña |
| chiar | paxaro |
| ladrar | can / cadela |
| miar | gato/a |
| muar | vaca / boi |
| ornear | burro/a |
| rinchar | cabalo / egua |
| zunir | ~~abella~~ (insecto) |

4. No cadro embaixo tes varios verbos relacionados con accións producidas por animais; descubre cales son e a que animais corresponden.

| | |
|---|---|
| r_o_e_r - rato | p_a_c_e_r - vaca |
| r_a_b_u_ñ_a_r - gato | tr_a_b_a_r - can |
| b_e_rr_a_r - vaca | ch_o_c_a_r - galiña |
| m_u_r_a_r - rato | r_u_m_i_a_r - vaca |

7. Explica o significado destas expresións feitas.

- Andar coa mosca tras da orella. – sospeitar
- Ascender de porco para rancho. – ir de mal en peor
- Caer da burra. – decatarse de algo
- Encontrarlle o teto á vaca. – dar coa solución
- Ir a paso de boi. – moi devagar
- Non ter un can. – non ter cartos
- Ser un carneiro. – ser teimudo.

# Animais (II)




## Actividades

1. Cal destes nomes aparecen representados na imaxe anterior?

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| antílope ✓ | crocodilo ✓ | golfiño | león ✓ | ñu ✓ | preguiza |
| avestruz ✓ | donicela | gorila ✓ | leopardo ✓ | oso formigueiro ✓ | raposo |
| balea | elefante ✓ | hiena ✓ | lobo | pingüín | rinoceronte ✓ |
| bubela ✓ | esquío | hipopótamo | lontra | pitón ✓ | térmite ✓ |
| camaleón ✓ | foca | leirón | macaco | porco espiño | toupa |
| cebra ✓ | gacela | lemur | morcego | porco teixo | xirafa ✓ |

2. Explica o significado das seguintes expresións feitas.

| | | |
|---|---|---|
| Chorar lágrimas de crocodilo. | Andar á miñoca. | Cuspir sapos e cobras. |

# Gústanche os animais?

1. Describe un dos animais deseñados embaixo. Con cal te identificas e por que?




2. Imaxina que es un animal (unha xirafa, un caranguexo ou un mosquito, por exemplo); relata como transcorre o teu día a día. Podes tomar como exemplo este fragmento escrito por Marilar Alexandre.

   Eu son Yacaré, o caimán. Non ando como outros fachendeando de ser o animal máis grande da illa ou o máis fero. Para que? Ningún outro mide máis de dous metros, ninguén ten unha coiraza que poucos dentes ou gadoupas serían capaces de atravesar. Porén, a meirande parte dos animais pouco teñen que temer de min. Só como caracois, ameixas, caranguexos e outros bichocos que nadan descoidadamente. Son un fidalgo tranquilo que pasa os seus días co corpo metido na auga pantanosa da foz do río.

   Marilar Aleixandre: *Robinson contado polas alimarias.*

3. En grupos de catro persoas, escollede un destes temas e procurade dous argumentos a favor e dous en contra. Despois de analizar o tema proposto desde diferentes puntos de vista, decidide cal é o argumento que representa a opinión do grupo.

| | |
|---|---|
| Certos sectores sociais demandan a desaparición dos números circenses con animais porque constitúen un exemplo de explotación. | As persoas vexetarianas defenden que o ser humano, para se alimentar, non ten por que matar animais. |
| A pesar de que as touradas forman parte da tradición dalgúns lugares, moitas persoas consideran que nelas se torturan os animais e, por tanto, exixen a súa prohibición. | Os zoolóxicos comezan a aparecer no século XIX para achegar o mundo animal á xente das cidades. Hoxe discútese a súa pertinencia dado que existen outras maneiras de coñecer a fauna máis respectuosas co medio. |

4. Busca información a respecto de un destes animais fantásticos e realiza unha breve exposición oral na aula.

   o gatipedro ◆ o unicornio ◆ o dragón ◆ o mostro do lago Ness

   ▶ Para realizares correctamente esta exposición, podes seguir estes pasos:

- Selecciona os datos que vas empregar.
- Organiza a información tentando responder a preguntas como:
  *Como é o animal? Parécese a algún outro? Onde vive? Por que é coñecido?*
- Redixe un rascuño da túa presentación.

   ▶ Non te esquezas de indicar as túas fontes da información.

# 9. USO DE H

A letra **h** non representa ningún son, agás nos casos en que forma parte dos dígrafos **nh** e **ch**.

- Escríbense **con h**:
  - Os verbos *haber, habilitar, habitar, habituar, herdar, hibernar, hidratar, hipnotizar, homenaxear, honrar, hospedar* e *humillar* en todas as súas formas e tamén os seus derivados.
  - Os substantivos *harén, harmonía, hasta* (pau longo), *hedra, helmo, herba, heroe, heroína, hindú, histeria, hucha...*
  - As palabras que comezan con ***horr-***, ***hos-*** e ***hum-*** (agás *úmero*): *horror, hospital, húmido...*
  - Algunhas interxeccións: *ah, eh, ha, ho, hurra, oh.*
  - Escríbense con **h** intercalado: *adherir, adhesivo, anhelar, bohemio/a, coherente, cohibir, deshidratado/a, deshonesto/a, deshonra, exhausto/a, exhibir, exhortar, inhábil, inhóspito/a, inhumano/a, prohibir, rehabilitar, vehículo...*

- Escríbense **sen h**:
  - *Achar, aí, alelí, arpa, ata, ermida, inchar, inflar, irmá/n, oco, ombro, ombreiro, orfo/a, óso, ovo, úmero...*
  - Algunhas interxeccións: *ala, ale, ola, ai, ei.*
  - As palabras *truán, alelí* e *baía* e os seus derivados non levan *h* intercalado.

1. Enche os ocos con *h* se é preciso:

- *Hoxe Helena tocaba a __arpa co ____úmero mancado. Aínda así, do __oco da súa man saían notas harmoniosas que __enchían o __espazo.*
- *Os habitantes da __india reciben o nome de hindús ou __indios.*
- *Onte adquiriu un reloxo horroroso que ademais non dá ben as horas.*
- *No incendio declarado no hostal, os hóspedes inhalaron anhídrido carbónico e tiveron que ser trasladados ao hospital.*
- *A asociación cultural solicitou que se rehabilitase a histórica __ermida.*
- *Henrique é moi tímido. Cando chega nunca di __ola.*
- *A hemofilia é unha __enfermidade hereditaria que provoca hemorraxias.*
- *Ao rematar a batalla, quitou o helmo, o __escudo e __espetou a __espada no chan. Estaba habituado a render homenaxe ao __inimigo cando perdía, pero tamén cando vencía.*

2. Completa o cadro coas palabras representadas nos debuxos.




3. Rodea cun círculo as palabras correctas. Pode haber parellas nas que os dous membros sexan correctos, pero con significados diferentes.

| | | | |
|---|---|---|---|
| hata – ata | habano – abano<br>puro "abanico" | húmido – úmido | alcol – alcohol |
| irmán – hirmán | inflar – hinflar | hernia – ernia | orfanato – horfanato |
| elmo – helmo | inchar – hinchar | ostil – hostil | historia – istoria |
| histeria – isteria | élice – hélice | truán – truhán | orto – horto |

**7.** Completa o cadro seguinte:

| Prefixo | Significado do prefixo | Palabra | Significado da palabra formada |
|---|---|---|---|
| **hemi-** | *metade* | **hemisferio** | *Cada unha das dúas metades en que divide unha esfera un plano que pasa polo seu centro.* |
| **hex-** hexa- | seis | hexágono | Polígono de seis lados e seis ángulos |
| **hiper-** | sobre excesivo | hipercalórico | Que ten ou achega moitas calorías |
| **hect-** hecto- | cen | hectolitro | Unidade de medida que equivale a cen l. |
| **hidr-** | auga | hidráulico | Que se move/grazas á enerxía da auga, ou que a utiliza para o seu funcionamento |
| hip- **hipo-** | inferior, insufic., diminución, pequena cantidade | hipocalórico | Que ten ou achega poucas calorías |
| **hetero-** | outro distinto | heterosexual | Que sente atracción por persoas do sexo oposto |
| **hepta-** | sete | heptágono | Polígono que ten sete lados e sete ángulos. |

**8.** Algunhas das seguintes palabras conteñen un *h* intercalado e outras non. Risca as erróneas e escribe debaixo a forma correcta.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| filharmónica | ~~desora~~ deshora | ~~velahí~~ | coherencia | ~~aderencia~~ adherencia |
| baía | desinchar | ~~exortación~~ exhortación | ~~inumano~~ inhumano | deshorbitado |
| ~~proibición~~ prohibición | rehabilitación | incoherencia | ~~vahído~~ vaído | ~~desumidificador~~ deshumidificador |
| ~~alhelí~~ alelí | exhalar | ~~exhuberante~~ exuberante | coágulo | reordenar |
| ~~cahótico~~ caótico | adhesión | ~~deshinflar~~ desinflar | ~~exibición~~ exhibición | ~~coesión~~ cohesión |

# 10. USO DE X / S

## A LETRA X

Na lingua galega a letra **x** representa dous sons: /ks/ e /ʃ/.

- Son /ks/: Neste caso, é un son propio dos cultismos, como en *exame* ou en *téxtil*.
  - Pode formar parte do prefixo **extra-**, que significa 'fóra de' e tamén pode formar parte dos adxectivos en grao superlativo: *extraordinario, extraforte*.
  - Pode formar parte do prefixo **ex-** que significa 'fóra de' ou 'que deixou de ser': *excarcerar, ex-alcalde*.
  - Algunhas palabras con **x** que soan /ks/ son: *circunflexo, complexo* (complicado), *convexo, crucifixo, maxilar, paradoxo, paradoxal, perplexo, reflexo, tóxico...*
- Son /ʃ/: Neste caso, é o son propio das palabras patrimoniais, como *caixa* ou *xente*.
  - Outras palabras con **x** que soan /ʃ/ son: *bixutería, cervexa, enxalzar, graxa, paixón, xarampón, xastre, xordo...*

## A LETRA S

Úsase **s** en palabras como *escavar, escusa, espléndido, espolio, espremer, esterno* (óso do peito), *estranxeiro, estraño, Estremadura...* e os seus derivados.

- Polo xeral, as palabras da mesma familia léxica escríbense da mesma maneira: *estrañar, estraño, estrañón, estrañeza*. Non obstante, hai algunhas excepcións: *estender, estendido*, pero *extenso, extensión*.
- Hai casos en que nunha mesma palabra aparece dúas veces a letra *x* entre dúas vogais, a primeira vez co valor de /ks/ e a segunda co de /s/. Nestas palabras pódese optar por substituír o primeiro *x* por *s*: *esaxerar, esixir, osíxeno...* ou ben por manter os dous *x*: *exaxerar, exixir, oxíxeno...* Esta posibilidade non afecta os prefixos do tipo *ex-* seguidos de consoante nin as palabras compostas, en que debe manterse o *x*: *lexicoloxía, toxicoloxía...*

1. Atopa as palabras que se corresponden con estas definicións:

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Figuradamente, substancia que ten un efecto máxico ou marabilloso | E | L | I | X | I | R | KS | | | | |
| Que ten un efecto prexudicial, semellante a un veleno | T | Ó | X | I | C | O | | | | | |
| Cada un dos ósos, superior ou inferior, nos que están fixados os dentes | M | A | X | I | L | A | R | | | | |
| Que ten maxestade e inspira respecto ou veneración | M | A | X | E | S | T | O | S | A | | |
| Seleccionar ou indicar unha persoa ou cousa que se prefire entre varias | E | L | I | X | I | R | S | | | | |
| Absterse de tomar alimentos durante certo tempo | X | A | X | U | A | R | | | | | |
| Estar unha femia embarazada | X | E | S | T | A | R | | | | | |
| Que é doutro país | E | S | T | R | A | N | X | E | I | R | O |



2. Une cada palabra co son correspondente á letra **x**.




3. Escolle a palabra correcta de cada parella. Pode haber parellas nas que os dous membros sexan correctos, pero con significados diferentes.

| | | |
|---|---|---|
| exceso – esceso | externo – esterno | extenso – estenso |
| mixto – misto | enxalzar – ensalzar | extender – estender |
| experto – esperto | xastre – sastre | extrema – estrema |
| elixir – elisir | sexta – sesta | xordo – sordo |

4. Na actividade anterior hai parellas de palabras cuxos dous membros son correctos. Cópiaos e constrúe un enunciado con cada un.

5. Atopa neste encrucillado as dez palabras a que fan referencia as imaxes.




6. Nas seguintes palabras, enche os ocos con *x* ou *s* segundo conveña:

| | | |
|---|---|---|
| pro_X_ector | e_X_cepción | e_S_clarecer |
| e_X_i_S_tir | e_X_cluír | e_S_ca_S_o |
| e_X_ten_S_o | _X_iz | _X_a_S_mín |
| análi_S_e | e_S_pare_X_er | e_S_premedor |
| e_X_ce_S_o | e_S_morecer | e_X_clamar |
| e_X_celente | e_X_traordinario | e_S_cu_S_a |
| he_X_ágono | _S_e_X_teto | a_S_fi_X_ia |
| e_S_traño | ~~e__traño~~ | refle_X_ión |

# Deporte




## Actividades

1. Indica o deporte representado en cada un dos deseños anteriores.
2. Quince destas palabras forman parte do campo asociativo do deporte. Identifícaas.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| adestrador/a | regulamento | empate | afección | albiscar | olimpíada |
| fazula | amoestar | temporada | tramposo/a | bancada | mollo |
| campión/campioa | estarricar | mergullarse | pavillón | capitán/á | quecemento |
| enguedellar | seareiro/a | turrar | saloucar | falabarato | tirizó |

3. Emparella os sinónimos.

| | |
|---|---|
| fintar 1 | 9 substitución |
| furar 2 | 10 gañar |
| padiola 3 | 3 angarillas |
| remar 4 | 7 choutar |
| catarina 5 | 8 reserva |
| pinchacarneiro 6 | 1 canear |
| saltar 7 | 2 barrenar |
| suplente 8 | 11 quenda |
| troco 9 | 4 vogar |
| vencer 10 | 5 prato |
| vez 11 | 6 viravolta |

4. Clasifica os seguintes vocábulos en seis campos semánticos: atletismo, baloncesto, ciclismo, fútbol, tenis e ximnasia.

taco, pelotón, tripla, trampolín, fondista, plinto, deixada, xute, globo, canastra, raqueta, molinete, xavelina, espaleira, cabezada, cartón, avituallamento, pértega, contrarreloxo, traveseiro, argolas, revés, velódromo, gancho, valado, mate

5. En que consisten os deportes designados polos seguintes estranxeirismos? En grupo, escollede tres destes deportes e redixide unha breve definición para cada un deles.

*bádminton, béisbol, críquet, hóckey, paddle, ráfting, rugby, snowboard, windsurf*

6. Cales destes deportes son considerados artes marciais?

carreira, *taekwondo*, boxeo, salto de lonxitude, judo, montañismo, sumo, esgrima, balonmán, *kung fu*, volei praia, capoeira, halterofilia, loita libre

Atletismo: fondista, xavelina, traveseiro, valado.
Baloncesto: tripla, (cartón) gancho, mate, canastra
Ciclismo: pelotón, avituallamento, contrarreloxo, velódromo.
Fútbol: taco, xute, cabezada, cartón,
Tenis: deixada, globo, raqueta, revés, mate
Ximnasia: trampolín, plinto, molinete, espaleira, pértega, argolas.

# 11. USO DE C / CC / CT

A letra **c** pode representar sons diferentes dependendo das vogais que a sigan. Se vai seguida de **a**, **o**, **u** o son que representa é /k/, como en *cabalo*, *conto* ou *cuberto*. Se vai seguida de **e**, **i** o son que representa é /θ/, como en *cebola* ou *cinto*.

En ocasións, o **c** pode ir seguido dun **t** ou doutro **c**. Nestes casos, pode suceder que se manteñan os grupos formados (**-cc-** e **-ct-**) ou que desapareza a primeira das consoantes.

**Mantéñense** os grupos **-cc-** e **-ct-**:

- En palabras cultas cando van precedidos das vogais **a**, **e**, **o**: *abstracción, acción, acto, adxectivo, afección, arquitecto, aspecto, atracción, calefacción, calefactor, cocción, colección, confección, contracción, corrección, corrector, detectar, didáctico, dirección, directo, director, distracción, elección, extracción, extracto, fracción, infección, infectar, insecto, inspección, inspector, intersección, inxección, nocturno, obxecto, occidente, olfacto, pacto, perfección, perfecto, prospecto, protección, proxecto, reacción, redacción, respecto, satisfacción, selección, tracción, traxecto...*

**Suprímese** o **c** nos grupos **-cc-** e **-ct-**:

- En xeral, cando os preceden as vogais i ou u: *abdutor, adutor, aflición, condución, conduta, conduto, condutor, conflito, construción, construtivo, construtor, contradición, dedución, dedutivo, delito, destrución, destrutor, dicionario, distrito, ditado, ditadura, ditar, estrito, estrutura, introdución, obstrución, produción, produto, produtor, redución, reprodución, reprodutor, restrición, restritivo, tradutor, vítima, Vítor, vitoria, xurisdición.*

  Porén, **mantense** o **c** nalgunhas palabras como *adicción, adicto, convicción, convicto, edicto, ficción, ficticio, fricción, invicto, succión, veredicto.*

- Convén tamén recordar que nalgunhas palabras a consoante *c* destes grupos converteuse nas vogais **u** ou **i**: *doutor, doutoramento, doutrina; reitor, reitorado, reitoral, reitoría; seita* (pero *sectario, sectarismo*).

1. Completa con *c, t, cc* ou *ct* e agrupa as palabas que pertencen á mesma familia léxica:

| | | | |
|---|---|---|---|
| introdu_c_ir | redu_c_ir | re_ct_o | abstra_ct_a |
| co_c_er | edi_t_ar | tra_cc_ión | re_ct_ilíneo EXC |
| atra_ct_ivo | edi_c_ión | redu_c_ido | edi_t_ora |
| abstra_cc_ión | redu_t_or | co_cc_ión | redu_c_ión |
| di_t_ado | atra_cc_ión | di_t_ador | introdu_c_ión |
| re_ct_ángulo | introdu_t_or | co_c_ido | di_t_adura |

| | | | |
|---|---|---|---|
| introducir introdutor introdución | cocer cocido cocción | atractivo atracción | abstracción abstracta |
| ditado ditadura ditador | rectángulo recto rectilíneo | reducir reducido redutor reducción | editar editora edición |

tracción

2. Completa o seguinte artigo de prensa con palabras da mesma familia que os infinitivos resaltados.

## O alcalde quere construír unha conducción [conducir] de urxencia ante a escaseza de auga



O alcalde da cidade, Antón Portas, quere trazar unha condución **[conducir]** de urxencia entre os ríos Xuvín e Moreira. O obxectivo **[obxectivar]** que se persegue é contrarrestar a escaseza de auga que existe nestes momentos na presa do Encalco, que abastece ao municipio.

Hai uns meses, o alcalde encargou a redacción **[redactar]** dun informe á Oficina Técnica de Aproveitamento Hidráulico e nel faise constar que o Encalco se atopa actualmente ao 46,38 por cento da súa capacidade, polo que a posta en marcha da tubaxe de urxencia permitiría utilizar o excedente de caudal dos ríos para obter o 60 por cento do consumo da cidade. Amais diso, a seca pode provocar o deterioración das turbinas e a obstrución **[obstruír]** dos condutos **[conducir]** de inxección **[inxectar]** de auga.

As estimacións municipais contemplan que a execución **[executar]** da obra de urxencia podería levarse a cabo en 45 días, cun orzamento de entre 4 e 5 millóns de euros. O encarecemento da obra vén dado polo custo do material, os elementos de suxeición **[suxeitar]** e a unha estrutura **[estruturar]** que debe preservar a ermida do século XIII, situada na parroquia de Lobelle e evitar así a destrución **[destruír]** do patrimonio que por desgraza comportan infraestruturas deste tipo.

Ante esa situación e as previsións climatolóxicas, que non prevén choivas nos próximos días, o alcalde considera urxente adoptar unha solución que se sumaría ás medidas xa tomadas nas últimas semanas como a redución **[reducir]** na frecuencia do baldeo das rúas.

3. Completa o cadro segundo o modelo:

| verbo | substantivo | adxectivo |
|---|---|---|
| reproducir | reprodución | reprodutivo |
| extraer | extracción | extractivo |
| suxeitar | suxeición | suxeito |
| restrinxir | restrición | restritivo |
| deducir | dedución | dedutivo |
| contraer | contracción | contracto |
| describir | descrición | descritivo |
| reaccionar | reacción | reactivo |
| coleccionar | colección | colector |
| subscribir | subscrición | subscritor |

4. **Busca a palabra correspondente ás seguintes definicións e despois localízaa na sopa de letras.**

- Persoa que resulta ferida ou morta: vitima ✓
- Comunidade de persoas, de carácter místico ou esotérico e polo xeral pechada, reunida arredor dun líder: seita ✓
- Que nunca foi vencido: invicto ✓
- Que está dominado polo consumo de drogas ou do xogo: adicto ✓
- Enfermidade ou trastorno producido polo paso de xermes ao organismo: infección ✓
- Sentido corporal polo que se perciben e distinguen os olores: olfacto ✓
- Sentido polo que percibimos, no contacto coa superficie das cousas, determinadas calidades destas, como a temperatura, humidade, rugosidade etc.: tacto ✓
- Situación de grave oposición ou loita entre persoas, grupos, países, exércitos etc.: conflito ✓
- Acordo formal entre dúas ou máis partes: pacto ✓
- Fluído que se introduce nun corpo, polo xeral distribuído en ampolas: inxección ✓

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| e | n | o | i | c | c | e | x | n | i |
| f | d | o | a | q | e | t | h | p | v |
| o | d | t | f | d | s | c | o | a | i |
| t | a | c | t | o | i | f | f | c | t |
| i | s | a | p | r | n | c | h | t | i |
| l | p | f | f | c | v | a | t | o | m |
| f | q | l | s | e | i | t | a | o | a |
| n | n | o | i | c | c | e | f | n | i |
| o | l | t | s | i | t | u | v | i | b |
| c | m | u | t | r | o | i | l | r | z |

5. **Constrúe cinco enunciados nos que aparezan cinco palabras da actividade anterior.**

6. Identifica o nome dun cargo ou dunha profesión a partir das pistas que che proporcionan as seguintes imaxes:

| imaxe | cargo ou profesión |
|---|---|
|  | redactor/a |
|  | cond_uto_r/a |
|  | constr_uto_r/a |
|  | a_cto_r/actriz |
|  | re_ito_r/a |
|  | instr_uto_r/a |

| imaxe | cargo ou profesión |
|---|---|
|  | trad_uto_r/a |
|  | dir_ecto_r/a |
|  | calef_acto_r/a |
|  | do_uto_r/a |
|  | insp_ecto_r/a |
|  | recol_ecto_r/a |

7. Ordena as sílabas e obterás unha palabra con sentido:

| Sílabas | Palabra |
|---|---|
| fi · a · ción | a fi ción |
| fec · a · na · do · cio | afeccionado |
| lec · co · ción | colección |
| con · ta · du | conduta |
| pec · pros · to | Prospecto |
| to · tra · xec | traxecto |
| to · ob · xec | obxecto |
| ti · ad · vo · xec | adxectivo |
| den · ac · te · ci | accidente |
| to · trac · abs | abstracto |
| ca · prác · ti | práctica |
| ción · tru · des | destrución |
| ción · coc | cocción |
| trac · a · ción | atracción |
| tri · es · to | estrito |
| di · dor · ta | ditador |
| des · ción · cri | descrición |
| ción · ac · re | reacción |

8. Constrúe un enunciado con cada unha das palabras das seguintes parellas:

- *Aceso*: Acendido
- *Acceso*: Entrada, porta
- *Facción*: Banda que exerce oposición violenta contra algún tipo de poder; 2) Rama dun partido que diverxe da opinión xeral.
- *Fracción*: Parte, porción, división
- *Seta*: Frecha (arma)
- *Seita*: Comunidade de persoas, polo xeral pechada, reunida arredor dun líder.
- *Trato*: Acordo; maneira de tratar
- *Tracto*: Estrutura ou aparello no que predomina a lonxitude
- *Adición*: Suma, engadido
- *Adicción*: Inclinación moi forte ao consumo de substancias ou a certas actividades
- *Repta*: Desprázase arrastrando o corpo
- *Recta*: Dereita; íntegra // Que non ten desviación dun extremo ao outro